

Detectando a natureza

Ecolocalización


É unha técnica que empregan certos animais, na que emiten ondas sonoras e reciben o eco, para calcular a distancia á que se atopan respecto a un obxecto.

Electrorrecepción

É a capacidade coa que contan algúns organismos de emitir e recibir campos eléctricos para percibir a súa contorna. É máis frecuente nos animais acuáticos xa que a auga conduce mellor a electricidade.

Sabes que teñen en común un golfiño, un morcego e un elefante?

O **golfiño** fai uso da ecolocalización de maneira extremadamente precisa para detectar presas.



O **morcego** emite ultrasóns para localizar e capturar presas, permitíndolle coñecer a súa medida, velocidade e dirección a pesar de cazar na escuridade.



O **peixe elefante**, de hábitos nocturnos, utiliza a electrorrecepción activa para orientarse na escuridade, atopar alimento e comunicarse cos da súa especie.

